



ILLA DE SÁLVORA 7/12/02

O día 7 de Nadal membros da S.G.H.N. desprazáronse a Illa de Salvora para facer unha avaliación de urxencia do seu estado. Recorreuse todo o perímetro litoral (7,5 Km aproximadamente) e levantouse un plano orientativo dos principios núcleos afectados.

RESULTADOS

- O 100 % da costa está afectado pola marea negra, se ben o impacto non é uniforme. Hai zonas cun alto impacto, onde se acumularon espesas capas de fuel denso. Nun punto concreto calculouse un volume de 2-2,5 Tm. Aparecen seis núcleos especialmente afectados, outros núcleos de menor impacto e o resto do litoral presenta un salpicado continuo de pequenas pingas nas rochas.

- A costa oeste da illa foi a que sufriu un maior impacto da marea negra.
- O fuel afectou fundamentalmente á zona alta do mesolitoral e supralitoral exposto ás ondas.

- Na zona baixa do mesolitoral oeste, presenta unha abundante fauna bentónica, observándose ourizos (*Paracentrotus lividus*), lapas (*Patella spp*), estrelas de mar (*Marthasterias glacialis*), Anemonas (*Anemonia sulcata*), etc.

- A observación das aves dou como resultado:

- Nas gaivotas patiamarelas (*Larus michaellis*) observáronse 300 exemplares cunha incidencia de manchas de fuel na prumaxe entre o 10 e 20 %.
- Só constatouse 1 exemplar de corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) con manchas visibles (24 observados), tratábase dun exemplar novo.
- Outras aves observadas: 10 gabitas (*Haematopus ostralegus*), 2 mazaricos curlí (*Numenius arquata*), 2 bilurico bailón (*Actitis hypoleucos*), 4 píllaras riscadas (*Arenaria interpres*), 2 gaivotas escuras (*Larus fuscus*) e 2 gaivotóns (*Larus marinus*). Todos eles sen manchas aparentes.
- Recolleuse un mascato (*Morus bassanus*) morto, completamente embadurnado có chapapote.

- Os traballos de limpeza dos voluntarios, dirixidos por persoal de Parques Nacionais e TRAGSA, centrábase maiormente nas praias da costa este.

- Nunha das praias o material retirado polos voluntarios (en bolsas ou libremente) era depositado directamente sobre o terreo dunar, nunha superficie rodeada por unha zanja, pero non protexida por un plástico que evitase as filtracións.

- Nunha zona rochosa atopábanse 45 cachos con chapapote e un contedor do lixo, que non se tiñan retirado.

Reflectimo-los comentarios de varios voluntarios que se queixaban de estar mal dirixidos, xa que foran levados a zonas onde o impacto fora leve e sentíanse infrutilizados, xa que desexaban adicar o seu esforzo a actuar sobre as zonas de maior impacto da marea negra.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

<http://www.sghn.org>

e-mail: sghn@sghn.org
